Sobre as medidas desenvolvidas e previstas pola Xunta de Galicia para a oferta da lingua galega no acceso aos contidos audiovisuais distribuídos por diferentes plataformas dixitais en versión orixinal subtitulada

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 18993 (11/POC-003277)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda das actuacións comprometidas polo Goberno galego destinadas a contribuír a dinamizar a celebración do Día de Rosalía o 24 de febreiro

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 18994 (11/POC-003278)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as actuacións previstas para xestionar o acceso dos galegos e das galegas de forma inmediata á serie 3 *Caminos* na versión galega e de forma gratuíta a través da canle autonómica

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 18995 (11/POC-003279)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do servizo de transporte escolar que se lles está a prestar aos nenos e ás nenas de Galicia, o estudo doutras alternativas para o seu funcionamento e as súas propostas para evitar os problemas ocasionados aos escolares e ás súas familias

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 18996 (11/POC-003280)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda de axudas ao mantemento das estruturas no sector das artes escénicas

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 18997 (11/POC-003281)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da exigencia dun estudo conxunto de impacto ambiental dos seis parques eólicos previstos no monte do Gato, nos concellos de Oza-Cesuras, Aranga e Coirós, así como as medidas que vai adoptar para garantir a correcta catalogación, conservación e posta en valor dos bens patrimoniais da zona

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 18998 (11/POC-003282)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a adecuación do contexto educativo para o profesorado e alumnado con deficiencias auditivas

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 18999 (11/POC-003283)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a avaliación por parte da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da aplicación do Plan LÍA (lectura, información e aprendizaxe) 2016-2020 de bibliotecas escolares

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 19000 (11/POC-003284)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas que propón a Xunta de Galicia para a conservación do patrimonio cultural galego existente en coleccións particulares

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 19001 (11/POC-003285)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre os informes remitidos polo Goberno galego ao Goberno central en relación co cumprimento en Galicia da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias no ensino e cos resultados da aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 19002 (11/POC-003286)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia referida á demanda do sector da música e baile tradicional de actualizar o Libro branco do ensino na música tradicional de Galicia, así como a asunción dun compromiso ao respecto

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 19003 (11/POC-003287)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas de carácter urxente que vai aplicar o Goberno galego para reactivar o movemento asociativo cultural dedicado á promoción e á difusión da música e do baile tradicionais de Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 19004 (11/POC-003288)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación da cultura na cidade de Vigo e as súas intencións referidas ao impulso ou á colaboración na elaboración dun plan estratéxico ao respecto

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 19005 (11/POC-003289)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a elaboración dun plan estratéxico de actuación dirixido a atraer unha parte dos fondos Next Generation para a reactivación e o impulso da cultura galega

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 19006 (11/POC-003290)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da adopción das medidas necesarias para garantir unha oferta de prazas nos másteres de Profesorado nas universidades galegas acorde coas necesidades de Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 19007 (11/POC-003291)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a execución das obras de conservación e rehabilitación do espazo denominado Aira da Uxeira e dos canastros centenarios existentes en Loiro, no concello de Barbadás

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 19008 (11/POC-003292)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación co patrimonio etnográfico gandeiro e cultural da serra do Suído e Alto Tea

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 19009 (11/POC-003293)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego dalgún plan de reactivación urxente para os sectores culturais

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 19010 (11/POC-003294)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as medidas adoptadas e previstas polo Goberno galego para garantir a conservación e a preservación da torre de Caldaloba, no concello de Cospeito

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 19011 (11/POC-003295)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis



Sobre unha nova carreira investigadora anunciada pola Xunta de Galicia  
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 19012 (11/POC-003296)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as intencións da Demarcación de Costas de Galicia de recuperar para o dominio público marítimo-terrestre os terreos ocupados na actualidade polo Colexio de Educación Primaria de Portosín, no concello de Porto do Son, e as propostas do Concello para o seu asentamento

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 19015 (11/POC-003297)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación co acoso escolar

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 19016 (11/POC-003298)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a suspensión da gravación da serie de televisión titulada *El hombre de Zara*, a situación en que se atopa o libramento polo Goberno galego da achega comprometida para a súa produción e as medidas previstas ao respecto

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 19017 (11/POC-003299)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as xestións desenvolvidas pola Xunta de Galicia para axilizar o procedemento para a declaración da casa Cornide, situada na cidade da Coruña, como ben de interese cultural, así como a valoración da posibilidade de actuar de oficio

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 19018 (11/POC-003300)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do inicio do procedemento de delimitación do trazado do Camiño de Inverno, ao abeiro do artigo 76 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, e o impulso da modificación do Plan básico autonómico para introducir a súa delimitación definitiva

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 19019 (11/POC-003301)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis



Sobre as previsións do Goberno galego respecto do inicio da fase II do instituto de educación secundaria de Soutomaior para permitir a adaptación dos espazos ás necesidades do centro  
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 19020 (11/POC-003302)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do inicio da fase II do instituto de educación secundaria de Soutomaior para permitir a adaptación dos espazos ás necesidades do centro  
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 19021 (11/POC-003303)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a información que ofrece o visor de aproveitamentos forestais respecto do patrimonio arqueolóxico para garantir a súa seguridade e protección  
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 19023 (11/POC-003304)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia relacionadas co labor de control e vixilancia da execución da obra do complexo hospitalario Gran Montecelo, de Pontevedra  
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 19025 (11/POC-003305)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa titularidade e a xestión da Escola Infantil Municipal de Pontearreas, o proxecto de legalización das obras executadas para a súa ampliación e o procedemento sancionador aberto por esa causa, así como a construción dun novo centro no parque de Ferro-Ucha  
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 19027 (11/POC-003306)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a actuación do Goberno da Xunta para impulsar un proxecto de recuperación da memoria democrática das mulleres galegas co fin de as visibilizar e recoñecer a represión que sufriron e o papel vertebrador que tiveron na loita pola democracia e a autonomía galega  
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 19028 (11/POC-003307)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis





Sobre a xestión do Goberno galego en relación coas autorizacións de intervencións de aproveitamentos forestais no tocante aos bens do patrimonio arqueolóxico  
Comisión 4ª, Educación e Cultura

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2021  
Diego Calvo Pouso  
Vicepresidente 1º





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández,** deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de poñer en marcha os mecanismos contemplados na Lei Orgánica 3/2021, de 24 de marzo de regulación da eutanasia para que poida ser efectiva.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo a disposición final cuarta da Lei Orgánica 3/2021, de 24 de marzo de regulación da eutanasia que regula a prestación da axuda a morrer, o suicidio asistido como un dereito, entrará en vigor aos tres meses da súa publicación, salvo o artigo 17 que entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación.

Este artigo 17 dispón que existirá unha Comisión de Garantía e Avaliación en cada Comunidade Autónoma cunha composición multidisciplinar e cun número mínimo de sete membros entre os que deben estar persoal médico, de enfermería e xurista, establecendo un prazo de tres meses para a creación da mesma.

Ese prazo de tres meses acaba de rematar, sen que teñamos coñecemento da creación desta Comisión de Garantías e Avaliación en Galiza. O que xera moita preocupación, toda vez que este organismo é clave e imprescindible para a efectiva aplicación da Lei.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Tampouco temos constancia de que se creara o rexistro de profesionais sanitarios obxectores de conciencia a realizar a axuda a morrer, que establece o artigo 16.

Nin tampouco o que establece a disposición adicional sétima de que as administracións sanitarias competentes habilitarán os mecanismos oportunos para dar a máxima difusión á lei entre @s profesionais sanitari@s e a cidadanía en xeral, así como promover entre a mesma a realización do documento de instrucións previas.

Sen estas cuestións o obxecto da Lei que é “regular o dereito que corresponde a toda persoa que cumpra as condicións exixidas a solicitar e recibir a axuda precisa para morrer” non se pode efectivizar, e polo tanto estáselle negando a efectivización dun dereito recoñecido legalmente.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

. Cal é a razón para que a Xunta de Galiza non puxera en marcha as actuacións precisas para a aplicación en Galiza da Lei Orgánica 3/2021, de 24 de marzo de regulación da eutanasia regula a prestación da axuda a morrer?

. Cal é a xustificación de estarlle privando @s galeg@s a efectivización do dereito a morrer dignamente recoñecido legalmente?

. Por que non ten creado a Comisión de Garantía e Avaliación, establecida no artigo 17?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

. Por que non ten posto en marcha os mecanismos oportunos para dar a máxima difusión á lei entre @s profesionais sanitari@s e a cidadanía en xeral, así como promover entre a mesma a realización do documento de instrucións previas. Establecidos na disposición adicional sétima?

. Ten creado o rexistro de profesionais sanitarios obxectores de conciencia a realizar a axuda a morrer, que establece o artigo 16?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 20/07/2021 13:16:22**

**Iria Carreira Pazos na data 20/07/2021 13:16:25**

**María Montserrat Prado Cores na data 20/07/2021 13:16:35**



## Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A reorganización asistencial, motivada pola declaración de pandemia Covid-19, o 17 de marzo de 2020, fixo que o centro de saúde de Tomiño centralizara temporalmente a actividade na unidade de mañá, xunto co centro de saúde de Goián.

O médico que atendía o consultorio de Goián, o doutor Rica, xubilouse o 18 de xuño de 2020, súa ausencia comezou a partir do 15 de maio, data na que comeza a gozar dos seus correspondentes permisos de vacacións. Esta praza íase ofertar co resto de postos libres na área de Vigo a finais do verán, para a súa cobertura definitiva, segundo anunciou o SERGAS en xullo de 2020.

Durante a tempada estival, debido á falta de suplentes nas listas de contratación, a asistencia dos pacientes do centro de Tomiño realizábase en horario de mañá, sendo cuberta polas tardes polos profesionais do PAC de Tui.

O Grupo Parlamentario Socialista reclama a Xunta de Galicia que se poña en funcionamento, inmediatamente, o servizo médico do consultorio de Goián, suspendido desde que se declarou o estado de alarma por mor da pandemia Covid-19

A Xunta decidiu pechar o consultorio de Goián e trasladar o seu servizo ao centro de saúde de Tomiño e ata hoxe non foi aberto.

O SERGAS esperaba cubrir a praza do médico en Goián en setembro para retomar o servizo. Estamos en febreiro de 2021 e a praza do médico de Goián non foi cuberta.

Este problema está causando malestar entre a cidadanía de Tomiño e fundamentalmente de Goián que demanda de maneira urxente unha solución ao problema. A Mancomunidade do Baixo Miño acordou solicitar unha xuntanza co Conselleiro de Sanidade. Non existe contestación aínda por parte da Consellería, o que amosa unha desidia pola resolución do problema.



Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Cando se vai cubrir a praza vacante do médico do consultorio de Goián en Tomiño?
2. Que valoración fai a Xunta de Galicia da situación actual da asistencia sanitaria en atención primaria en Tomiño e no conxunto da comarca do Baixo Miño?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo de 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán  
Julio Torrado Quintela  
Marina Ortega Otero  
Deputadas e deputado do G. P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 14/07/2021  
10:19:39**

**Julio Torrado Quintela na data 14/07/2021 10:19:47**





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/07/2021 13:27:16  
**Nº Rexistro: 18912**  
Data envío: 20/07/2021 13:27:16.660

**Marina Ortega Otero na data 14/07/2021 10:19:55**

CSV: BOPGDSPGGa1knb4g57  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Daniel Pérez López, Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de máis dun ano sufrindo as consecuencias derivadas da Covid-19, semellaba que a pandemia estaba camiño de controlarse parcialmente gracias ás medidas sanitarias adoptadas e a unha campaña de vacinación que avanza a un ritmo aceptábel.

Porén, os últimos datos de contaxios amosan que o virus segue entre nós, e atendendo a que no verán a efectividade das medidas de contención da propagación pode verse comprometida e que a inmunización de grupo non chegará ata ben entrado o outono, parece lóxico manter as recomendacións sanitarias de organizacións como a OMS, que determinan que, para minimizar os contaxios e expansión da pandemia, é imprescindible gardar a distancia social e evitar encontros presenciais numerosos en recintos pechados durante un tempo prolongado.

No ámbito educativo, en Galiza as escolas ubicadas no medio rural ofrecen unha vantaxosa alternativa educativa de proximidade e atención educativa de alta calidade. E nesta altura, esta vese reforzada aínda por constituíren unha contorna sanitaria protectora para as nosas crianzas na etapa infantil e parte da educación primaria.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

No entanto, o goberno galego, entre preocupantes e recentes gromos da pandemia por corononavirus, con sempre imprevisíbeis consecuencias nas semanas e meses vindeiros, que obrigarían a un goberno responsábel a asegurar un maior investimento que blinde a atención sanitaria e educativa, segue coa súa política de erradicación sistemática de escolas ubicadas no rural.

Este é o caso do CEIP Areouta, en Sardiñeiro, Fisterra. Un centro que acolle a 9 crianzas de infantil e 18 de primaria, que se distribuíron neste curso que acaba de rematar do xeito seguinte: unha aula, na que se agrupaban as crianzas de 3,4 e 5 anos; e outras dúas, nas que se repartían as outras dezoito de primaria. Unha organización, que sen ser a ideal, garantía unha docencia de calidade e o mantemento sinxelo das medidas sanitarias de prevención da Covid-19.

O día 30 de xuño, comunicóuselle á dirección do centro que todas as crianzas de primaria se ían agrupar nunha única aula. O que supón que dezoito nenas e nenos, de idades comprendidas entre os 6 e 12 anos, recibirían no próximo curso atención educativa de xeito conxunto, nunha única aula, e coa conseguinte amortización do número de docentes.

Decisión que, de confirmarse, constituiría unha decisión irresponsábel dende o punto de vista sanitario, atendendo ao incerto da evolución e control da pandemia, e un auténtico disparate dende o punto de vista pedagóxico.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

. Que medidas pensa tomar o Goberno galego para atender con calidade pedagóxica e con garantías sanitarias ao alumnado matriculado no Centro de educación infantil e primaria Areouta, de Sardiñeiro, en Fisterra?

. Considera o Goberno galego que esta decisión é axeitada nun momento sanitario tan impredecíbel e delicado como o que estamos a vivir?

. Como pensa o Goberno galego pór en valor a vida no medio rural galego e fixar poboación nel se lle anulan unha necesidade fundamental e básica como é a oferta educativa?

. Acredita a o Goberno galego que o agrupamento de crianzas con idades comprendidas entre os 6 e os 12 anos permite prestar unha atención educativa de calidade?

. Está esta decisión precedida de algunha reunión coa equipa directiva, claustro e familias?

. Acredita o Goberno galego que o modelo das escolas rurais non son un contorno sanitario seguro e de excelencia educativa?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2021

Asdo.: **Daniel Pérez López**

**Mercedes Queixas Zas**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Pérez López na data 20/07/2021 13:30:57**

**Mercedes Queixas Zas na data 20/07/2021 13:31:00**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/07/2021 13:31:08**



## Á Mesa do Parlamento

**Paloma Castro Rey, Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

O colexio E.E.I. Nosa Señora do Carme, está situado na Avenida Jaime Janer s/n, 36900 Marín (Pontevedra), creada no ano 1962, foi sempre unha escola de referencia nesta vila.

Durante o curso escolar 2020-2021 a escola de educación infantil Nosa Señora do Carme tivo tres aulas de alumnos (10 alumnos/as na aula de 4º de Educación Infantil, 10 alumnos/as na aula de 5º de Educación Infantil e 14 alumnos/as na aula de 6º de Educación Infantil).

O persoal docente estaba composto por un especialista de Educación Infantil por aula (3 titores/as), unha especialista de Inglés con dedicación completa e unha especialista de Audición e Linguaxe tamén a xornada completa.

Recentemente recibiu a nova, por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, da intención de pechar unha aula desta escola e a supresión de dous postos de mestres especialistas para o vindeiro curso escolar 2021-2022.

De acordo coa información recibida a situación da escola de Educación Infantil Nosa Señora do Carme para o vindeiro curso escolar 2021-2022 sería de soamente 2 aulas de idades mistas con 15 nenos/as cada unha e que contarían cada unha delas cun alumno/a con necesidades educativas especiais (NEE).

Isto suporía ter que dividir cada un dos actuais grupos de 4º e 5º de Educación Infantil que levan xuntos un e dous anos respectivamente e mesturalos cos novos alumnos/as.

O persoal docente dispoñible para o alumnado deste curso (4 alumnos/as menos que o anterior) segundo as novas recibidas quedaría reducido a 2 titores/as (un especialista de Educación Infantil por aula), un/unha especialista de Inglés con



dúas sesións á semana e un/unha especialista en Audición e Linguaxe con cinco sesións/semana, é dicir, un día/semana.

Isto non se pode entender con carácter xeral pero menos, coa situación actual de pandemia derivada do Covid-19 e de acordo cos protocolos vixentes nesta materia por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Non ten sentido mesturar nenos de distinta idade e aumentar o número de alumnos/as en cada aula do centro respecto ao curso pasado e ao mesmo tempo diminuír o número de docentes dispoñibles no centro.

A maiores a comunicación desta nova situación faise no momento en que a solicitude da reserva de prazo e matrícula está pechada, polo que as nais e pais do alumnado neste centro non coñeceron a nosa situación que terá o centro para o vindeiro curso escolar e, polo tanto vanse atopar cun centro escolar con características diferentes ás que tiña no momento de reserva de praza e matrícula.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto o Goberno galego, tralas protestas existentes, manter no centro escolar EEI Nosa Señora do Carme as tres aulas de infantil?
2. Vai contar o centro escolar EEI Nosa Señora do Carme, cun docente na especialidade de Inglés e cun docente na especialidade de Audición e Linguaxe ámbolos dous a xornada completa, para o vindeiro curso 2021-2022?
3. Como xustifican que poidan quedar 30 alumnos/as a cargo so de 2 titores?
4. Que vai pasar se un destes titores ten unha baixa o enfermidade común?
5. Teñen coñecemento que neste centro existen dous alumnos con Necesidades Educativas Especiais?
6. Creen que a atención destes nenos/as está ben cuberta?
7. Pretende o Goberno galego o futuro peche desta escola que leva en funcionamento 6 décadas?



8. Como xustifica este agrupamento no momento de pandemia no que nos atopamos?

Pazo do Parlamento, 20 de xullo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Noa Díaz Varela  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 20/07/2021 13:45:33**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/07/2021 13:45:40**

**Noa Susana Díaz Varela na data 20/07/2021 13:45:49**



## Á Mesa do Parlamento

**Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, Elena Suárez Sarmiento, Encarna Amigo Díaz, Sandra Vázquez Domínguez, Felisa Rodríguez Carrera, e José Luis Ferro Iglesias,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

O curso escolar 2020-21 foi o primeiro que iniciou e desenvolveu integramente en tempos de pandemia internacional ocasionada pola covid-19, declarada pola Organización Mundial da Saúde (OMS) o 11 de marzo de 2020.

A situación sanitaria e as incertezas derivadas da evolución do virus e pola súa repercusión na actividade lectiva obrigaron ás distintas administracións educativas e sanitarias a tomar decisións e adoptar medidas.

Logo de que a covid-19 obrigase a suspensión das clases presenciais en marzo de 2019 e alterase a actividade lectiva prevista inicialmente no curso 2019-20, o curso 2020-21 foi un importante reto colectivo para administracións e comunidades educativas.

O Grupo Parlamentario Popular entende que o esforzo de toda a comunidade educativa, o cumprimento dos protocolos e as medidas da Xunta para garantir a seguridade sanitaria nas aulas e a total presencialidade permitiron sacar adiante e con resultado satisfactorio o curso 2020-21.

O feito ata agora pode servir de aprendizaxe para afrontar o vindeiro curso escolar 2021-22 que, se a situación sanitaria e epidemiolóxica o permite, debería ser o de transición cara a volta ao que os galegos e galegas entendíamos era unha actividade normal nos centros educativos.

Ante a relevancia deste asunto e o lóxico interese do alumnado e das familias, a Administración educativa galega está a desenvolver as súas competencias e a adoptar medidas para tratar de garantir un inicio de curso presencial e que faga compatible a actividade lectiva nos centros educativos e a convivencia co virus da covid-19.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:



Que medidas permitirán o inicio do curso 2021-22 no ensino non universitario de Galicia?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

@gppgalicia

@GrupoPopularGal





**Asinado dixitalmente por:**

**Ovidio Rodeiro Tato na data 20/07/2021 13:36:29**

**Teresa Egerique Mosquera na data 20/07/2021 13:36:46**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 20/07/2021 13:36:55**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 20/07/2021 13:37:10**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 20/07/2021 13:37:26**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 20/07/2021 13:37:42**

**José Luis Ferro Iglesias na data 20/07/2021 13:37:50**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

**Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, Elena Suárez Sarmiento, Encarna Amigo Díaz, Sandra Vázquez Domínguez, Felisa Rodríguez Carrera, e José Luis Ferro Iglesias,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

Os comedores escolares son un servizo educativo complementario que se ten amosado de grande interese e utilidade para un bo número de familias.

En Galicia, como noutras comunidades autónomas, os comedores escolares son xestionados tanto polas propias administracións autonómicas como polas Anpas ou concellos, de maneira directa ou indirecta a través de empresas contratadas.

O Grupo Parlamentario Popular ten interese por coñecer o funcionamento dos comedores escolares que xestiona directamente a Xunta, como o apoio que se presta a concellos galegos para que se encarguen deste servizo educativo complementario nos centros educativos dos seus municipios.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Como están a funcionar os comedores escolares en Galicia?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2021



**Asinado dixitalmente por:**

**Ovidio Rodeiro Tato na data 20/07/2021 13:40:40**

**Teresa Egerique Mosquera na data 20/07/2021 13:40:55**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 20/07/2021 13:41:04**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 20/07/2021 13:41:17**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 20/07/2021 13:41:35**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 20/07/2021 13:41:50**

**José Luis Ferro Iglesias na data 20/07/2021 13:41:59**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

**Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, Elena Suárez Sarmiento, Encarna Amigo Díaz, Sandra Vázquez Domínguez, Felisa Rodríguez Carrera, e José Luis Ferro Iglesias**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

A Xunta de Galicia leva xa uns anos afrontando obras en centros educativos da nosa comunidade, tanto para reparar algúns problemas detectados como para afrontar a adaptación das infraestruturas ás necesidades do sistema educativo galego, particularmente en cuestións como a eficiencia enerxética, novas tecnoloxías ou os impactos demográficos.

A experiencia á hora de afrontar obras educativas e as aprendizaxes derivadas da pandemia da covid, levaron á Consellería de Cultura, Educación e Universidade a deseñar o Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, que marca a folia de ruta de todas as intervencións que se realicen nos centros educativos.

O Grupo Parlamentario Popular considera oportuno que, atendendo sempre ás necesidades e ás disponibilidades orzamentarias, a Administración educativa galega afronte obras e actuacións de mellora que permitan que Galicia conte cunhas instalacións educativas que reúnan estándares de calidade que redunden no benestar do alumando galego.

Tendo en conta a habitual planificación de obras e a súa execución en períodos non lectivos, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

En que estado se atopan as actuacións de mellora dos centros educativos de Galicia para afrontar un novo curso escolar?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2021



**Asinado dixitalmente por:**

**Ovidio Rodeiro Tato na data 20/07/2021 13:44:49**

**Teresa Egerique Mosquera na data 20/07/2021 13:45:05**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 20/07/2021 13:45:14**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 20/07/2021 13:45:27**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 20/07/2021 13:45:39**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 20/07/2021 13:45:55**

**José Luis Ferro Iglesias na data 20/07/2021 13:46:04**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

**Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, Elena Suárez Sarmiento, Encarna Amigo Díaz, Sandra Vázquez Domínguez, Felisa Rodríguez Carrera, José Luis Ferro Iglesias, Marisol Díaz Mouteira e Noelia Pérez López,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

A posta en valor da Formación Profesional en Galicia ten sido unha das máximas prioridades do Goberno galego nestes anos. O impulso dado á FP desde a Xunta de Galicia tense materializado en moi diversas accións e medidas, tanto desde o punto de vista normativo como organizativo.

Unha desas accións levadas a cabo é o futuro Centro Galego de Innovación en Formación Profesional de Ourense. Este proxecto é un exemplo de colaboración institucional, xa que nel están implicadas a Xunta e a Deputación Provincial de Ourense pola investigación e a innovación.

Este centro estará situado na antiga Escola Fogar de Mariñamansa de Ourense, logo dun laborioso traballo de remodelación e adaptación das instalacións.

Este proxecto está chamado a ser referente da creatividade e do talento da Formación Profesional da nosa Comunidade; tanto para o seu alumnado como para o profesorado.

O Grupo Parlamentario Popular cree que investir en FP e poñer en marcha esta infraestrutura pioneira ten que servir para abrir novas oportunidades formativas e de inserción laboral na nosa terra.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

En que estado se atopa o proxecto do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional de Ourense en canto a funcionamento e contidos?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2021



**Asinado dixitalmente por:**

**Ovidio Rodeiro Tato na data 20/07/2021 13:48:58**

**Teresa Egerique Mosquera na data 20/07/2021 13:49:11**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 20/07/2021 13:49:20**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 20/07/2021 13:49:35**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 20/07/2021 13:49:49**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



**María Felisa Rodríguez Carrera na data 20/07/2021 13:50:09**

**José Luis Ferro Iglesias na data 20/07/2021 13:50:17**

**María Sol Díaz Mouteira na data 20/07/2021 13:50:27**

**Noelia Pérez López na data 20/07/2021 13:50:39**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





## Á Mesa do Parlamento

**Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, Elena Suárez Sarmiento, Encarna Amigo Díaz, Sandra Vázquez Domínguez, Felisa Rodríguez Carrera e José Luis Ferro Iglesias**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

As bibliotecas escolares son instrumentos educativos que contribúen a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias, e poida formarse no seu uso crítico.

Iniciativas como o Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE), os Clubs de Lectura, a Biblioteca Inclusiva ou Mochilas Viaxeiras, entre outras medidas agrupadas no Plan Lía, axudaron ás comunidades escolares a aproveitar estes espazos como recursos de innovación educativa e pedagóxica.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade leva anos investindo nestes recursos educativos e fomentando a súa implantación en centros educativos de todo o territorio galego, en especial, no rural.

O Grupo Parlamentario Popular entende que biblioteca escolar xoga un interesante papel no proceso pedagóxico, pero tamén contribúe a revitalizar as prácticas educativas e a vida cultural dos centros, proporcionando ao profesorado e ao alumnado oportunidades para o emprego de múltiples recursos que permitan unha progresiva autonomía na aprendizaxe.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que traballos e programas se están a desenvolver nas bibliotecas escolares galegas?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2021



**Asinado dixitalmente por:**

**Ovidio Rodeiro Tato na data 20/07/2021 13:53:59**

**Teresa Egerique Mosquera na data 20/07/2021 13:54:13**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 20/07/2021 13:54:22**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 20/07/2021 13:54:32**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 20/07/2021 13:54:55**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 20/07/2021 13:55:09**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**José Luis Ferro Iglesias na data 20/07/2021 13:55:19**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)

CSV: BOPGDSPGGal1knb4g57  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, Elena Suárez Sarmiento, Encarna Amigo Díaz, Sandra Vázquez Domínguez, Felisa Rodríguez Carrera e José Luis Ferro Iglesias**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

A Xunta e as tres universidades públicas galegas foron quen de, nos últimos anos, acordar e executar dous plans de financiamento universitario que deron estabilidade ao sistema.

No 2021 está aínda vixente o Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia para o período 2016-2020, logo de que se acordase a súa prórroga como paso previo á negociación dun novo documento.

Neste ano tamén se iniciaron os contactos entre a Xunta e as universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña para avanzar no deseño do novo plan de financiamento.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

En que estado se atopa o financiamento universitario de Galicia?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2021



**Asinado dixitalmente por:**

**Ovidio Rodeiro Tato na data 20/07/2021 13:57:38**

**Teresa Egerique Mosquera na data 20/07/2021 13:57:51**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 20/07/2021 13:58:01**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 20/07/2021 13:58:16**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 20/07/2021 13:58:31**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 20/07/2021 13:58:48**

**José Luis Ferro Iglesias na data 20/07/2021 13:58:58**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a continuidade do grupo de traballo para a elaboración do Plan Integral de Danza de Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En febreiro de 2020 a AGADIC anunciaba que a Xunta e os representantes do sector iniciaban as reunións de traballo cara ao Plan Integral da Danza en Galiza co que se quería dar resposta, de forma consensuada, ás necesidades deste sector.

Os obxectivos prioritarios, segundo difundía na súa web a AGADIC serían dar a coñecer todos os recursos existentes do sector e afondar nas súas potencialidades, impulsando a investigación e a reflexión; apoiar e impulsar o talento e o proceso creativo; fortalecer a industria cultural arredor da danza; e estender a súa produción, distribución e difusión por todo o territorio galego, propiciando a creación de novos públicos.

Tamén se enumeran como finalidades fomentar a proxección exterior das compañías galegas, canalizar accións que potencien o ámbito formativo e deseñar medidas que favorezan unha maior colaboración entre as administracións e todos os axentes implicados no sector.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Na recente comparecencia do director da AGADIC na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos, este aludiu á interrupción do proceso deste grupo de traballo forzada polo inicio da pandemia en marzo.

Con todo, sorprende que, a medida que os meses foron avanzando e se foron recuperando as programacións culturais, non fose atendida, mesmo adaptándose a todas as mudanzas precisas conforme a necesaria adecuación aos protocolos covid, a demanda do sector de reiniciar o calendario de encontros para avanzar na planificación do grupo de traballo encamiñado á elaboración do tan demandado polo sector Plan Integral da Danza en Galiza.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

Que razóns xustifican que, finalizado o ano 2020, 9 meses despois da primeira xuntanza, non se volvese reunir o grupo de traballo responsábel da elaboración do Plan Integral da Danza de Galiza?

Mantívose desde a AGADIC algún contacto durante os últimos 9 meses do ano cos participantes neste grupo de traballo?

Valorouse desde a Consellería adecuar os procedementos e calendario de reunións a outros formatos dixitais para tentar garantir a súa continuidade?

Que planificación ten a AGADIC para lle dar continuidade ao grupo de traballo encamiñado á elaboración, consensuada co sector, do Plan Integral da Danza de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Que calendarización planifica a AGADIC para a aprobación do Plan Integral da Danza de Galiza?

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 21/07/2021 09:20:13**

**Daniel Castro García na data 21/07/2021 09:20:26**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/07/2021 09:20:34**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García,** deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª,** sobre a reactivación do funcionamento do Consello Asesor do Libro e adecuación aos obxectivos marcados na Lei do libro e da lectura.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galiza publicábase no DOG do 10 de xaneiro de 2007 co obxectivo explícito de asumir oficialmente un apoio institucional expreso ao libro e á lectura que obedece á súa condición de instrumentos indispensables para a transmisión da cultura e o desenvolvemento da identidade de noso, así como á súa importancia no proceso de normalización dos usos sociais e públicos da lingua propia de Galiza.

3. Ten previsto a Xunta facer un inventario e catalogación destes bens culturais?
4. Que valoración fai o goberno galego sobre o feito de que a UNESCO recoñecese a técnica construtiva da coachotaría en seco como patrimonio da humanidade?
5. Que iniciativas ten previsto desenvolver a Xunta para protexer, conservar e divulgar os bens construídos con esta técnicas e nomeadamente os que forman parte do patrimonio gandeiro do Suído?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

6. Como valora a Xunta o feito de que o patrimonio etnográfico gandeiro da serra do Suído fose recoñecido como Paisaxe Cultural polo Instituto del Patrimonio Cultural de España (IPCE) e incluída no Plan de Paisaxes Culturais na categoría de “Actividades agrícolas, gandeiras e forestais” nas que se inclúen os “sistemas agro-silvo-pastorís históricos”?

7. Ten previsto a Xunta recabar os informes pertinentes e incoar o expediente de declaración do patrimonio etnográfico gandeiro da serra do Suído e Alto Tea como Ben de Interese Cultural na categoría de paisaxe cultural?

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Manuel Lourenzo Sobral**

**Luis Bará Torres**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/07/2021 12:15:31**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/07/2021 12:15:41**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Mercedes Queixas Zas na data 21/07/2021 12:15:48**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García,** deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª,** en demanda dun plan de reactivación urxente para os sectores culturais que atenda as demandas do propio sector.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Observatorio da Cultura Galega, dependente do Consello da Cultura Galega, acaba de publicar o Barómetro da Cultura Galega II, unha radiografía comparada do grave impacto da pandemia iniciada hai case un ano nos sectores culturais galegos.

Esta análise realizada en xaneiro de 2021 ofrece un contraste actualizado a respecto da ofrecida en xuño de 2020, o que achega unha perspectiva global dos efectos da pandemia na actividade cultural galega.

Entre algunhas das conclusións deste estudos cómpre salientar que este ano comezou con apenas un 34,9 % de empresas culturais que recoñecen estar a traballar con normalidade.

En canto á situación laboral, a crise segue a destruír emprego nas empresas do sector cultural, constatando un aumento de 3,5 puntos da porcentaxe de entidades que realizaron algún despedimento no segundo semestre de 2020.





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Como consecuencia da crise, o 56,3% das empresas do sector cultural galego adiou ou desbotou os investimentos que tiñan previsto realizar no negocio no 2020 (7,5 puntos máis que en xullo).

Os tres problemas máis citados polos sectores culturais seguen a ser o cesamento ou caída da actividade da clientela (80%), os de tesouraría (42,3%, 10,8 puntos menos que en xullo) e as dificultades para pagar impostos e seguros sociais (35,3%). En cuarto lugar atópanse agora as limitacións de cabida (32,3%).

Unha realidade que non permite aflorar mudanzas, pois, pensando no conxunto do sector da cultura, algo máis dun 60% non ven razóns para o optimismo de aquí a seis meses.

Novamente, as empresas das artes escénicas son as que en maior medida padeceron o impacto das perdas en todos os parámetros

Entre as medidas de reactivación demandadas polas empresas da cultura destacan as axudas directas ou subvencións a fondo perdido, a supresión ou rebaixa de impostos e seguros sociais e as axudas fiscais. Tamén destacan a flexibilización e rapidez das axudas, o adiamento no pago de impostos e seguros sociais, o aumento do gasto público en produtos e servizos culturais e a reactivación dos circuitos de concertos e teatros.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Como valora o goberno galego os datos do Barómetro da Cultura Galega II referidos ao impacto da pandemia no segundo semestre de 2020?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

. Como interpreta o goberno que o sector cultural galego diminúa a valoración sobre o apoio establecido pola administración galega a respecto do barómetro de xuño de 2020?

. Como valora o goberno a elevada porcentaxe de representantes do sector que non ve futuro profesional como traballadoras e traballadores da cultura galega?

. Ten elaborado o goberno un plan de reactivación urxente dos sectores culturais galegos após un ano de se ver gravemente prexudicado pola pandemia?

. En que prazo será publicado?

. Ten dialogado o goberno coa diversidade dos sectores culturais para avaliar o anterior Plan de reactivación do sector cultural e publicar o novo?

. Contempla o goberno da Xunta medidas de apoio e estímulo aínda máis excepcionais para o sector das artes escénicas, o máis severamente afectado en todos os parámetros analizados?

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputada e deputados do G.P. do BNG







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 21/07/2021 12:19:02**

**Daniel Castro García na data 21/07/2021 12:19:06**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/07/2021 12:19:15**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández e Mercedes Queixas Zas**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a situación na que se atopa a Torre de Caldaloba no concello de Cospeito e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A torre de Caldaloba é o último resto en pé do que noutrora foi unha fortaleza destruída tras as revoltas irmandiñas. Pertenceu ao Mariscal Pardo de Cela, tras a súa decapitación, herdaron a Dona Constança de Castro e Fernán Ares de Saavedra filla e xenro do Mariscal. Foi o derradeiro reduto da nobreza galega en resistencia á política colonial e centralista de Castela na época dos Reis Católicos. Posúe unha planta cuadrangular de 10,2 metros de lado, mais de 30 metros de altura e uns muros de 2,65 metros de espesor. Os catro andares dos que dispoñía foron erguidos en mampostería de xisto e granito, rematada por unha bóveda de canón percorrida por arcos fachóns como salienta Angel del Castillo.

Así pois, este ben patrimonial declarado BIC en 1994, posúe un valor histórico e cultural incalculábel mais está a esmorecer por falta de conservación e malia a súa relevancia é aínda unha grande descoñecida para milleiros de persoas no noso país.

Cómpre lembrar que a Torre de Caldaloba atópase nuns predios propiedade privada nos que as esquinas do propio ben actúan a modo de marco.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

De acordo coa lexislación vixente, nomeadamente coa Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galiza as propietarias e propietarios privados teñen a obriga de salvagardar e conservar os bens patrimoniais que posúen correspondéndolle á Xunta de Galiza velar e esixir para que así sexa con todos os medios ao seu alcance.

Para o Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego o mantemento, a conservación e a posta en valor da Torre de Caldaloba é unha urxencia, tendo en conta o seu deterioro.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. É coñecedora a Xunta de Galiza da situación na que se atopa a Torre de Caldaloba?

. Coñece as persoas propietarias dos predios nos que se atopa este ben?

. Sabe a Xunta de Galiza quen son as persoas propietarias da Torre?

. Que medidas ten adoptado nos últimos cinco anos a Xunta de Galiza para garantir a conservación e preservación deste BIC?

. Que medidas pensa adoptar a partir de agora?

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2021





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Mercedes Queixas Zas**

Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/07/2021 12:20:54**

**Mercedes Queixas Zas na data 21/07/2021 12:21:04**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños e Manuel Lourenzo Sobral**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a nova carreira investigadora anunciada pola Xunta de Galiza e as medidas que debe adoptar ao respecto.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na sesión plenaria do 9 de marzo de 2021 o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria anunciou na súa comparecencia que a Xunta de Galiza vai deseñar “unha nova carreira científica no Sistema Universitario de Galiza que fomente a estabilidade e impulse o talento dos nosos investigadores” e investigadoras, así como para aproveitar a potencialidade da Rede CIGUS de Centros de Investigación do Sistema Universitario Galego, co obxectivo de seguir avanzando na captación de talento “desde o convencemento de que a investigación é un elemento fundamental para a reactivación de Galiza”.

O persoal investigador galego vén denunciando desde hai anos as súas condicións laborais, a ausencia dunha carreira investigadora completa en Galiza que lles permita desenvolverse profesionalmente ao longo das diversas etapas formativas e, especialmente, profesionais así como a inestabilidade que soportan.

Porén, malia os anuncios feitos, descoñecemos o contido concreto dos plans da Xunta de Galiza nesta materia máis alá do enunciado polo conselleiro de Cultura e Educación na súa comparecencia. De igual maneira, descoñecemos se esa “nova





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

carreira investigadora” se vai estender ás demais áreas do goberno que tamén ten competencias en materia de I+D+i como a Consellaría de Industria e Innovación e GAIN ou a Consellaría de Sanidade e a ACIS.

Se ben, o Sistema Universitario Galego (SUG) é o principal motor na xeración de coñecemento e a produción investigadora e científica, a carreira investigadora non pode trazarse apenas desde un departamento senón que toda a política en materia de I+D+i debería implicar o conxunto do executivo nunha visión integral da mesma.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

- . En que consiste a nova carreira investigadora anunciada pola Xunta?
- . Está a negociar con algunha entidade, organización sindical ou colectivo representativo do sistema investigador galego esa carreira? De non ser así, pensa facelo?
- . E coas universidades?
- . Vai implicar esa nova carreira investigadora ao conxunto do Goberno galego e, polo tanto, ao persoal investigador que desenvolve o seu traballo alén do SUG?

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños**  
**Manuel Lourenzo Sobral**  
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/07/2021 12:22:16**

**Noa Presas Bergantiños na data 21/07/2021 12:22:26**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/07/2021 12:22:33**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández e Manuel Lorenzo Sobral**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O colexio de ensino primario de Portosín, no concello de Porto do Son, foi construído nos anos 70 en terreos de dominio público marítimo terrestre, nunha área dunar ao pé da praia de Coira.

O seu traslado é unha condición indispensable para a rexeneración da zona, unha vella promesa da Demarcación de Costas e tamén unha aspiración de moitos veciños e veciñas do termo municipal que recoñecen que nunca se debeu construír onde está.

Deste xeito, o alcalde do concello no ano 2008 fixo pública, despois de entrevistarse co seu responsábel, a intención da Demarcación de Costas de Galiza de chegar a un acordo coa Consellería de Educación e co propio concello de Porto do Son para trasladar o colexio, co obxecto de recuperar medioambientalmente e para desfrute público os terreos onde se asenta o centro de ensino.

Dende aquel momento, no que o propio alcalde anunciou a nova ubicación nuns terreos situados nas inmediacións do campo de fútbol de Portosín e moi preto do pavillón de Trapa, o debate da reubicación do centro vén sendo recorrente na localidade. De feito, a cidadanía non entende como, despois de 12 anos aínda non se produciu o







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

traslado xa que os terreos non necesitan de nova cualificación e dos longos procedementos que isto leva aparelado.

No entanto, e a pesar de se barallar esa ubicación dende o principio, os medios de comunicación locais recolleron a finais do pasado ano as palabras do actual alcalde sobre unha nova posibilidade: “Concello e Xunta decántanse por uns terreos rústicos máis próximos ao casco urbano, a onde se pode ir andando”, e con este fin “imos facer unha pequena modificación para que nos autoricen a cambiar a cualificación do terreo .... falei co conselleiro recentemente e o tema vai moi ben, e xa o van incluír nos orzamentos”.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1.- Dende cando consta na Consellería de Cultura, Educación e Universidade a intención da Demarcación de Costas de Galiza de recuperar para o dominio público a zona onde se asenta na actualidade o colexio de primaria de Portosín, no concello de Porto do Son?

2.- Dende cando é coñecedora da ubicación dos primeiros terreos propostos polo concello de Porto do Son, os situados preto do campo de fútbol de Portosín e do pavillón de Trapa?

3.- En que momento tivo coñecemento formal a Consellería da nova proposta do actual alcalde do concello?

4.- Que valoración se fai dende a Consellería de Educación de cada unha das propostas de ubicación?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

5.- Ten a Consellería posicionamento, tal e como fixo público o rexedor sonense, sobre os novos terreos propostos?. Considera que a obriga de recualificar uns terreos rústicos é a vía máis áxil para levar a cabo unha obra que leva anunciada e é agardada dende hai máis de doce anos?

6.- Existe algunha partida orzamentaria para a actuación descrita dentro dos orzamentos da Xunta de Galiza para 2021?

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/07/2021 12:23:58**

**Rosana Pérez Fernández na data 21/07/2021 12:24:01**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas,** deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª,** sobre o acoso escolar na comunidade educativa galega.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dan Olweus, psicólogo sueco-noruegués pioneiro mundial na investigación sobre o acoso escolar definiu nos anos 90 este fenómeno como: *Unha conduta de persecución física e ou psicolóxica que realiza un alumno ou alumna contra outro, ao que escolle como vítima de repetidos ataques. Esta acción negativa e intencionada, sitúa á vítima en posicións das que dificilmente pode saír polos seus propios medios.* (1995)

*Trátase dun tipo de conduta dirixida a facer dano; é repetida no tempo; e prodúcese no seo dunha relación interpersoal caracterizada por un desequilibrio de poder.*(1997)

*Foron moitas dende entón as definicións e matizacións sobre este concepto, ampliando o seu contido e suscitando debates fondos sobre a terminoloxía a empregar para describir esta realidade en toda a súa dimensión; resultando a día de hoxe como termos recorrentes os de “bullying” e “acoso escolar”.*

*Alén de debates terminolóxicos e achegas sobre o alcance do termo, o terríbel drama que se agocha por tras desta realidade foi sinalado na Lei 4/2011, do 30 de*





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

*xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa como: “calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar”*

Estamos pois ante un fenómeno que a ninguén resulta alleo; nin á sociedade en xeral, nin moito menos á comunidade educativa. Un fenómeno transversal dende a súa perspectiva social que ten gravísimas implicacións a efectos de sufrimento na nosa mocidade. Unha realidade dramática que ninguén que aspire a construír unha sociedade xusta pode obviar.

As consecuencias deste sufrimento que afecta a milleiros de nenos día tras día son múltiples, tanto no ámbito persoal e relacional como nas secuelas que deixa na evolución e crecemento psicolóxico das nenas e nenos. Secuelas que chegan a ter consecuencias fatais nos casos máis graves, mais que sen chegar a eses extremos; forma parte e demasiadas ocasións do día a día de milleiros de nenas e nenos, mozas e mozos que padecen o acoso escolar a través de violencia física, insultos, vexacións, máis tamén a través da violencia psicolóxica ou dixital. Mozas e mozos, que constitúen o futuro da nosa sociedade e que van ao colexio con medo e en silencio, as máis das veces, un día tras doutro.

Esta realidade, e o tratamento que como sociedade e administracións estamos a facer da mesma foi denunciada hai poucos meses no informe *Hacer la vista... ¡gorda!:* *EL ACOSO ESCOLAR EN ESPAÑA, UN ASUNTO DE DERECHOS HUMANOS* (2019) de Amnistía Internacional.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Un documento de imprescindible lectura, que centra boa parte do seu traballo de campo en Galiza e que aborda con fondura e dende unha perspectiva tremendamente crítica as carencias da resposta que coma administracións educativas e coma sociedade lle estamos a dar ao drama que sofren tantos das nosas nenas e nenos cada día.

Algunhas das reflexións que se recollen nas conclusións deste informe son as seguintes:

✓ *Non se están implementando as medidas, quedan importantes lagoas por cubrir se se quere garantir que se respecten e protexen os dereitos de nenas e nenos nos centros educativos. . O acoso escolar é un problema social que afecta á capacidade do neno e a nena para gozar dos seus dereitos humanos. O acoso escolar non é un problema dun centro ou doutro (...) fai falla moito máis para garantir que todos os nenos desenvolvan plenamente o seu potencial e gocen dos seus dereitos.*

✓ *As autoridades non están adoptando todas as medidas necesarias para protexer a nenos e nenas , previr o acoso escolar e facilitar que se informe de todas as queixas e denuncias.*

✓ *As formas non físicas de acoso, como os insultos, ou a exclusión social, adoitan pasar desapercibidas e non se documentan nas canles oficiais.*

É evidente que as conclusións deste informe, deberían levar a calquera sociedade sensíbel cos dereitos da infancia a unha reflexión fonda sobre a nosa actuación.

A día de hoxe, alén da normativa de ámbito estatal que se indicaba anteriormente, en Galiza temos como lexislación de referencia para a prevención do tratamento escolar a xa sinalada *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e*





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

*participación da comunidade educativa que se desenvolve a través DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.*

Destas dous textos resultaron iniciativas como ***Estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020 na que se desenvolve o protocolo para a prevención detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso*** ou o ***Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia.***

Mais se en algo coinciden os informes de organizacións que traballan neste eido, así como docentes, psicólogos, ANPAs, educadores sociais, etc. é que esta lexislación ( e os documentos resultantes da mesma) son absolutamente insuficientes; cando non abertamente litúrxicos, para abordar o drama do acoso nos nosos días, e que leva en demasiadas ocasións a que as nosas nenas e nenos (e as súas familias) se atopen en situacións de desamparo que non nos podemos permitir.

Porque as análises dende o sector destes documentos legais poñen de manifesto eivas importantes que compre solucionar. Eivas que (sen pretender esta iniciativa reflectir esa análise exhaustiva dos textos) obsérvanse evidentes en feitos tan ilustrativos como que o *DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar* non contemple un capítulo específico para abordar o acoso escolar (como si se establece, de xeito vago, na lei 4/2011 que este decreto desenvolve).

Mais tamén cando observamos que por exemplo no *Protocolo para a prevención detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso*, documento que os axentes implicados cualifican como “ambiguo e falta de concreción” se establece literalmente “*este protocolo de actuación ante un posible caso de acoso escolar ten un*



*carácter básico, sen prexuízo de que cada centro educativo poida adaptalo ou amplialo en función do seu contexto ou das peculiaridades do caso. Trátase, pois, dun protocolo base que necesita ser contextualizado ou adaptado ao centro e ao seu contorno”.* Recoñecéndose pois no propio documento a carencia que denuncia AI: que se delega boa parte da responsabilidade nos centros, que non contan nin cos recursos nin coa formación, nin co persoal necesario.

Pero tamén observamos outras eivas evidentes como que nas funcións xerais que o decreto 8/2015 outorga ao *Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia* non apareza a palabra acoso de xeito específico por ningures.

O acoso escolar constitúe hoxe por hoxe unha metástase silenciosa que avanza polos centros de ensino sen que a comunidade educativa teña ferramentas áxiles para contelo. E a proba máis evidente desta falta de ferramentas son as incongruencias que atopamos nos datos publicados (escasos e sen trazar) ao respecto.

O informe da Unesco sobre violencia e acoso escolar do ano 2019 sinala que 1 de cada 3 nenos sofre acoso escolar ao longo da súa vida.

Por outra banda, o Informe da Estratexia Galega de Convivencia Escolar da Xunta de Galiza, sinala que o 21.8 % dos nenos recoñece ter sufrido acoso algunha vez na súa vida. Datos que supoñen unha contradición evidente con outros resultados do informe.

Pero o grave máis grave de todo isto é que non existe a posibilidade de trazar os datos de acoso escolar, agás naqueles casos nos que de maior gravidade, e por iso non contamos cunha radiografía fiable sobre o impacto do acoso escolar na nosa sociedade. E por iso que segundo os últimos datos do *Ministerio de Educación Cultura e Deporte* do ano 2017; observamos como tan so hai recoñecidos 71 casos de acoso escolar en





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Galiza. Reflexionemos: 1 de cada 3 casos segundo a Unesco, o 21,8 % segundo a Estratexia de Convivencia.... 71 casos nun ano segundo o Ministerio. Esta realidade fala por si soa.

Porque estes datos evidencian por unha banda contradicións no impacto do acoso escolar que non veñen senón a demostrar que como sociedade estamos fallando na prevención e tratamento do bullying, máis pola outra que temos miles de neno sufrindo este drama sós e en silencio.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Vai a Xunta de Galiza crear unha mesa de traballo con representación do profesorado, Anpas, portavoces de educación do grupos parlamentares, orientadores, educadores sociais, psicólogos e outros axentes implicados na loita contra o acoso escolar para abordar unha Nova Estratexia Galega contra o acoso escolar que afronte o problema en toda a súa dimensión?

. Vai a Xunta de Galiza implementar medidas contra o acoso como o reforzo de persoal e recursos dos centros, crear unha rede de equipos de orientación, unha unidade especializada da Consellaría de educación, plans de formación neste eido ou campañas de sensibilización?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2021







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Manuel Lourenzo Sobral**

**Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/07/2021 12:35:12**

**Daniel Castro García na data 21/07/2021 12:35:21**

**Mercedes Queixas Zas na data 21/07/2021 12:35:32**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 21 de outubro de 2020 a Xunta de Galiza anunciaba a participación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, con 240.000€, na produción da serie de televisión "El hombre de Zara" sobre a vida do empresario Amancio Ortega.

Román Rodríguez destacaba na nota de prensa a importancia desta iniciativa audiovisual, liderada pola empresa galega Ficción Producciones, xunto a Amazon Prime Video, plataforma destinataria para o seu visionado.

A serie contaría con oito capítulos, rodados maioritariamente en Galiza, que xa naquela altura se encontraban en fase de preproducción.

Para eses traballos previos, afirmábase desde a Xunta que a produtora audiovisual seleccionada, Ficción Producciones, xa contara con apoio autonómico como adxudicataria en 2015 dunha das subvencións para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais de produción galega.

Logo de seis meses de preproducción, diferentes medios de comunicación anuncian a cancelación da serie sen achegar razóns para o abandono.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Desde a Xunta de Galiza tampouco se achegan os motivos desta renuncia nin referencia ningunha ao prexuízo ocasionado no erario público á vista da relevante implicación da Consellería de Cultura no proxecto audiovisual.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Coñece o goberno galego as razóns da suspensión da serie “El hombre de Zara” despois de seis meses de produción?

. Realizou xa a Xunta a achega comprometida de 240.000 euros á produtora?

. Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza ante esta suspensión da gravación da serie?

. Que axudas recibiu a produtora Ficción Producciones en 2015 para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais de produción galega relacionados con este proxecto?

. Que compromisos ten asinado a Consellería de Cultura coa plataforma Amazon Prime Video en relación ao visionado desta serie?

. Ten comprometido con esta plataforma algún outro proxecto?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2021





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 21/07/2021 12:36:55**

**Daniel Castro García na data 21/07/2021 12:36:59**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/07/2021 12:37:07**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a demanda de información sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galiza para declarar BIC a Casa Cornide.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Comisión de Educación e Cultura celebrada o pasado 17 de novembro o grupo parlamentario do BNG defendeu unha proposición non de lei instando a Xunta de Galiza a axilizar o procedemento necesario para declarar BIC o histórico edificio coruñés coñecido como Casa Cornide, que resultou aprobada por unanimidade.

Esta demanda viña precedida da significación incuestionábel da Casa Cornide como un senlleiro edificio, cualificado como tal no informe histórico e artístico do inmovible encargado polo concello da Coruña aos profesores Emilio Grandío e Alfredo Vigo, e entregado á Xunta de Galiza.

Porén, a intrahistoria do edificio achega luces e sombras. Fronte ás luces que representan a doazón pola ilustre familia Cornide ao Concello da Coruña no século XIX, durante a ditadura, a Administración local sacouna a unha poxa pública, previamente amañada por actores políticos, para ser agasallada a Carmen Polo, dona do ditador Franco.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

É así como a coruñesa Casa Cornide se converte nun novo fío co que tecer a historia do espolio que sostivo a ditadura franquista nunha rede da ignominia que, mediante manobras ilícitas e usurpadoras, derivaron propiedades públicas ás mans privadas da familia do ditador e da súa familia.

O tempo deitou razóns sobre este procedemento fraudulento recentemente para o Pazo de Meirás. Un exemplo que convida a continuarmos a traballar no camiño da recuperación para o ben común o que sempre lle pertenceu e non debeu deixar de ser.

Con todo, enfrontámonos aínda agora a uns procedementos espúreos aos que as descendentes de Franco están ben afeitadas, pois pretenden continuar a exercitalas.

Coincidindo co inicio da celebración do xuízo polo pazo de Meirás e mais co proceso de estudo para a declaración da Casa Cornide como BIC por parte do Concello da Coruña, a familia Franco respondeu cunha nova provocación poñendo a Casa Cornide en venda, o que, para alén de requirir unha resposta contundente en forma de repulsa, tamén obrigaba a activarmos con celeridade todos os resortes necesarios para recuperar para o ben público este patrimonio espoliado ao pobo galego con actitudes fraudulentas.

Insistiamos na C4 de novembro na importancia de activar, con carácter urxente, as medidas de protección necesarias para que un dos edificios máis singulares da cidade conte coa maior protección legal iniciando o procedemento de declaración de BIC.

Perante a ausencia de resposta por parte da Xunta de Galiza, insistimos na Comisión de Educación e Cultura celebrada o pasado 29 de xaneiro, entendendo que, á vista dos feitos, o tempo non corre en balde, máis ben apremia en contra da protección deste ben inmóbel.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Neste tempo, mentres o pobo da Coruña seguiu activo a través da Marcha Cívica reclamando a devolución deste patrimonio roubado e mentres se celebrou xa o xuízo dos 9 da Casa Cornide o 4 de febreiro (derivado dunha denuncia por unha acción pacífica que reivindicaba a devolución da Casa Cornide ao pobo coruñés), a Casa Cornide segue á venda nunha inmobiliaria e ademais a familia segue a facer ostentación da súa impiedade dando a ver un proceso de mudanza sen ningún control que garanta a protección de patrimonio colectivo, o que merece a repulsa social e institucional á vista dos antecedentes de intento de baleirado de bens do Pazo de Meirás tras a sentenza que o declarou propiedade do Estado.

Lembremos que ata hai só 2 ANOS na Casa Cornide estaban depositadas as estatuas de Isaac e Abraham do Mestre Mateo, o que avala a necesidade de que a declaración BIC sexa urxente e inclúa tamén o contido do edificio, substancialmente descoñecido por carecermos dun inventario de bens patrimoniais que frease o seu espolio.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Que xestións leva desenvolvido a Xunta de Galiza para axilizar o procedemento necesario que declare BIC o histórico edificio coruñés coñecido como Casa Cornide, en cumprimento do acordo unánime conseguido na Comisión de Educación e Cultura celebrada o 17 de novembro de 2020?

. Como xustifica o goberno o incumprimento do acordo parlamentario?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

. Ten contemplado actuar de oficio conforme regula a Lei 5/2016 do patrimonio cultural?

. Como valora que a familia do ditador Franco estea baleirando o interior da casa Cornide segundo recollen con probas gráficas diferentes testemuñas veciñas?

. Prevé o goberno elaborar de urxencia un inventario dos bens artísticos existentes na Casa Cornide susceptíbeis de catalogación BIC?

. Que investigación ten levado a cabo o goberno galego para confirmar se diversos bens ligados á Casa Cornide están dispoñíbeis desde hai un tempo no mercado de antigüidades?

. Que actuación contempla a este respecto?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/07/2021 12:38:24**

**Daniel Castro García na data 21/07/2021 12:38:27**

**Mercedes Queixas Zas na data 21/07/2021 12:38:35**



## Á Mesa do Parlamento

**María González Albert, Montserrat Prado Cores, Carmen Aira Díaz, Mercedes Queixas Zas e Alexandra Fernández Gómez**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, relativa á problemática derivada da falta de delimitación do trazado do Camiño de inverno.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 5/2016 de Patrimonio Cultural de Galiza incluíu no seu artigo 73 as rutas principais do Camiño de Santiago recoñecendo entre elas, ademais do Camiño Francés; o Camiño do Norte, ruta da costa e ruta do interior, tamén coñecido como Camiño Primitivo ou de Oviedo; o Camiño Inglés; o Camiño de Fisterra e Muxía; o Camiño Portugués, interior e da costa; a Vía da Prata ou Camiño Mozárabe; e o Camiño de Inverno.

Ao tempo, no seu artigo 76 establecía o proceso a levar a cabo para a delimitación deses Camiños a Santiago:

- 1. A delimitación das rutas dos Camiños de Santiago será aprobada mediante decreto do Consello da Xunta de Galiza, por proposta da persoa titular da consellaría competente en materia de patrimonio cultural.*
- 2. O procedemento de delimitación incoarase de oficio mediante resolución da dirección xeral competente en materia de patrimonio cultural. A incoación notificaráselles aos concellos por cuxo termo municipal discorre o*





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

*Camiño e publicarase no Diario Oficial de Galiza e no Boletín Oficial del Estado. A publicación no Diario Oficial de Galiza supoñerá a apertura dun período de información pública dun mes.*

*3. A incoación do procedemento supoñerá a aplicación provisional do réxime previsto nesta lei para as rutas xa delimitadas.*

*4. O procedemento, no que deberá intervir preceptivamente o Consello Asesor dos Camiños de Santiago, deberá resolverse nun prazo de vinte e catro meses. De rematar este prazo sen resolución expresa producirase a caducidade.*

*5. No decreto de delimitación defíniranse os seguintes elementos:*

*a) Os trazados da ruta:*

*1º. Trazados principais: tramos históricos que permanecen en uso con características tradicionais.*

*2º. Trazados de vestixios históricos: tramos históricos documentados que se perderon física ou funcionalmente.*

*3º. Trazados funcionais: tramos alternativos de carácter cultural, ambiental ou de seguridade para as persoas usuarias.*

*b) O ámbito xeográfico da implantación do territorio histórico, que incluíra os núcleos rurais tradicionais así como os bens inmoables declarados de interese cultural ou catalogados e, se é o caso, os contornos de protección que atravesen e que excluíra aquelas zonas urbanas de crecemento e transformación recente sen valores culturais.*

*c) A súa zona de amortecemento, cando se considere necesaria segundo o establecido no artigo 13.*

*d) A relación de bens inmoables de valor cultural asociados no ámbito do territorio histórico.*

Este procedemento non se ten posto en marcha no que ten a ver co Camiño de Inverno.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Os problemas que trae consigo a falta de delimitación do trazado do Camiño de Inverno puxéronse de manifesto coa denegación das subvencións solicitadas polas veciñas do casco vello do Barco (da Rúa San Roque e da Rúa Real) ao abeiro do “Programa de Fomento da Rexeneración e Renovación Urbana e Rural do Plan de Vivenda 2018-2021” que establece tamén “as bases reguladoras das subvencións correspondentes ás áreas de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago e do Parque Nacional das Illas Atlánticas” publicado no DOG. 124, do 2 de xullo 2019).

A disposición xeral oitava desta resolución establece no seu apartado 1.1 que as actuacións de rehabilitación e renovación subvencionábeis deberán realizarse en edificios e vivendas que estean situados no ámbito da ARI dos camiños de Santiago, de acordo coa relación de parroquias que figuran no anexo I. Ao respecto do Camiño de Inverno, o trazado subvencionábel é o que vai desde Carballeda de Valdeorras ate Lalín, onde conecta co Camiño da Prata ou Sanabrés.

Así mesmo o apartado 1.2. do mesmo artigo, establece que “nas conexións coas cidades e vilas importantes, o ámbito das actuacións limítase exclusivamente ás vivendas e edificios situados no trazado do camiño”. A este respecto o Anexo I establece que nas parroquias de A Rúa de Valdeorras (Santo Estevo), O Barco (San Amaro) e Vilamartín de Valdeorras (San Xurxo) o ámbito das actuacións limítase exclusivamente ao trazado do Camiño, o mesmo acontece en Chantada (Santa Mariña), en Monforte de Lemos, en Quiroga (San Martiño) e en Lalín (Santa María das Dores).

Ao non existir unha delimitación oficial do trazado do Camiño de Inverno ao seu paso por estes concellos o Instituto Galego de Vivenda e Solo aplica o artigo 8 do Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Galiza (DOG núm. 162, do 27 de agosto de 2018). Ese artigo indica que “o Plan básico autonómico terá carácter complementario do planeamento urbanístico municipal naqueles concellos nos que exista. En virtude deste carácter complementario, será de aplicación para suplir as posibles indeterminacións e lagoas do planeamento municipal vixente, sen que en ningún caso se poida modificar a clasificación do solo nin alterar as determinacións do planeamento que complementa”. Deste xeito, ao non estar recollido o trazado do camiño de inverno no planeamento urbanístico do concello do Barco e doutros neste mesmo trazado, aplicarase o establecido no Plan Básico Autonómico.

Ademais, o artigo 66.3 parágrafo segundo do Decreto 83/2018 establece que “os territorios históricos dos Camiños de Santiago que non contén cunha delimitación definitivamente aprobada conforme o procedemento específico previsto na dita lexislación, virán definidos, no solo urbano e urbanizábel, polo trazado determinado na documentación gráfica deste plan e polas parcelas e edificacións que constitúen os seus límites (...)”. Este mapa do Plan básico autonómico establece que o Camiño de Santiago, ao seu paso polos concellos da Rúa, Vilamartín de Valdeorras e O Barco de Valdeorras non ten un unha delimitación definitiva e outorga un trazado tal e como establece o artigo 66.3 anteriormente citado.

No caso do Concello do Barco, que exemplifica moi ben esta problemática, no seu tramo conflitivo, o plano do plan básico autonómico establece que o camiño de Inverno transcorre pola Avenida Manuel Quiroga, continúa pola Avenida Marcelino Suárez, Avenida Conde Fenosa, xira na rúa Castelao para continuar pola Avenida Eulogio Fernández. Por conseguinte, este trazado non pasa pola zona vella do Barco, indo en contra do que as evidencias históricas, nomenclatura das rúas, etc. sinalarían como o orixinal trazado do camiño de inverno.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Cabe sinalar que a Consellería de Cultura e Turismo proxectou e financiou a mellora da sinalización do Camiño de Inverno en todas as comarcas galegas do trazado e, de novo exemplificando no Barco de Valdeorras, concedeu subvencións ao propio Concello, nese caso si, indicando que o trazado do camiño de Inverno pasa pola zona vella do Barco (rúas San Roque e rúa Real). Existe, por tanto, unha clara incongruencia legislativa entre a sinalización efectiva do Camiño de Inverno e o trazado definido na documentación gráfica do Plan Básico Autonómico.

Sen embargo, e volvendo ao caso do Barco de Valdeorras, por moito que a Consellería de Cultura subvencione a sinalización do Camiño de Inverno polo casco vello e o propio concello emita certificados afirmando que o camiño de Santiago pasa polas Rúas San Roque e Real, non suplen o feito de que a normativa aplicábel - isto é, o Plan Básico Autonómico- indique outro trazado do camiño de Santiago ao seu paso polo concello do Barco de Valdeorras, problema que se repite noutros termos municipais do mesmo trazado do Camiño de Santiago.

Por esta cuestión, e máis aló da necesaria incorporación aos Plans Xerais de Ordenación Urbana do trazado do Camiño de Inverno é preciso un paso previo de demarcación por parte da Xunta de Galiza.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Considera a Xunta de Galiza un problema a falta de delimitación definitiva do Camiño de Inverno a Compostela?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Ten previsto a Xunta de Galiza principiar o procedemento de delimitación do trazado do Camiño de Inverno en virtude do artigo 76 da Lei 5/2016 do 4 de maio, de Patrimonio Cultural de Galiza?

- Ten pensado a Xunta de Galiza promover a modificación do Plan Básico Autonómico corrixindo o trazado do Camiño de Inverno aló onde xurdan discordancias co trazado entre o trazado inicialmente previsto e o definido na delimitación definitiva do mesmo?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2021

Asdo.: **María González Albert**

**Mercedes Queixas Zas**

**Montserrat Prado Cores**

**Carmen Aira Díaz**

**Alexandra Fernández Gómez**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María González Albert na data 21/07/2021 12:41:00**

**Mercedes Queixas Zas na data 21/07/2021 12:41:10**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 21/07/2021 12:41:21**

**María del Carmen Aira Díaz na data 21/07/2021 12:41:30**

**Alexandra Fernández Gómez na data 21/07/2021 12:41:36**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas,** deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª,** sobre a ampliación do IES de Soutomaior para atender as necesidades educativas da veciñanza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Soutomaior padece dende hai anos as consecuencias do abandono da súa educación pública por parte da Xunta de Galiza.

Despois de máis dunha década na que a veciñanza de Soutomaior demandaba a construción dun novo instituto, a Xunta de Galiza mantivo este concello sen oferta de bacharelato no ensino público. Ao tempo que isto acontecía, as veciñas e veciños de Soutomaior observaban como outros concello do país si contaban con este tipo de oferta educativa, mesmo en centros de nova creación e en concellos con menos demanda.

Foi a presión social e política a que obrigou a Xunta, en agosto do ano 2015 a presentar un proxecto para a construción do IES de Soutomaior. Este proxecto ofertaba tan só 12 unidades de secundaria e capacidade para pouco mais de 300 alumnos. Este anuncio fixo que saltaran todas as alarmas na comunidade educativa, xa que demostraba a intención da Xunta de tan só trasladar o alumnado da ESO do antigo CPI Manuel Padín Truiteiro ao novo IES de Soutomaior, pero imposibilitaba a oferta educativa de bacharelatos ou ciclos cun proxecto destas características.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Ante a situación xerada e as denuncias do BNG, tanto no pleno municipal tanto na prensa como no propio parlamento galego... a Xunta veuse na obriga de modificar o proxecto inicial por cativo e insuficiente. Mais a pesar de que dende o BNG adiantamos que modificando ese proxecto sen ampliar espazos traería problemas, a Xunta fixo caso omiso a estas demandas tanto do BNG como da comunidade educativa, e o proxecto pasou de 12 a 16 unidades sen ampliar a superficie construída. O resultado está a vista, un IES con espazos diminutos que non cumpre coas necesidades do concello.

Esta realidade que foi denunciada, xa non polo BNG senón polo propio consello escolar do IES de Soutomaior fíxose co paso dos meses tan evidente que tan só dous anos despois de inaugurarse, o instituto ficou incapaz de asumir con normalidade a demanda educativa de Soutomaior, obrigando a deixar xente sen praza ou a reestruturar espazos académicos coa masificación das aulas que iso implica.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Vai a Xunta de Galiza iniciar a Fase II do IES de Soutomaior, permitindo ademais da construción de instalacións deportivas, a adecuación dos espazos ás necesidades do centro, mediante a construción de máis aulas, espazos cubertos no patio ou salón de actos?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

**Mercedes Queixas Zas**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Daniel Castro García**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/07/2021 12:42:52**

**Mercedes Queixas Zas na data 21/07/2021 12:42:59**

**Daniel Castro García na data 21/07/2021 12:43:08**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García,** deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª,** en demanda da declaración como BIC do Monumento aos Mártires de Carral.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Monumento aos Mártires de Carral, para alén de facer parte da identidade desta pequena localidade coruñesa, representa unha páxina viva da historia colectiva galega na súa procura da democracia e dunha maior autoorganización política como pobo.

As orixes deste simbólico monumento sobre o que se ergue a dignidade colectiva temos que o procurar no levantamento liberal progresista encabezado polo coronel Miguel Solís que se proclamou en Lugo o 2 de abril contra o goberno Narváez, causante e promotor dun recorte de dereitos e liberdades e dunha centralización administrativa que provocou a revolta militar que contou con importante apoio social.

Con Narváez, como presidente do Consello de Ministros, proclámase unha nova Constitución en 1845 que substitúe a de 1837, máis progresista; redúcese a participación electoral; recórtase a liberdade de expresión e imprenta e prodúcese unha reorganización dos municipios e deputacións provinciais, poñendo fin á democracia municipal.



As tropas sublevadas contra o réxime foron derrotadas na batalla de Cacheiras, nas proximidades de Santiago de Compostela, o 23 de abril de 1846.

Un suceso que deixou pegada imborrábel na memoria do país, o que fixo que dez anos despois estes militares fosen homenaxeados e condecorados, aprobándose a realización dun monumento na súa memoria en Santiago de Compostela, aínda que non chegou a realizarse.

En 1904 a Liga Galega da Coruña, grupo político rexionalista e liberal, vinculado ao polo intelectual rexionalista coñecido como “A Cova Céltica”, levantaría o seu propio monumento en memoria dos que denominou “Mártires da Liberdade” en Carral, na localidade onde foran fusilados despois dun xuízo rápido.

Os rexionalistas viron nos feitos de 1846 un referente simbólico da historia de Galiza e nos mártires de 1846 un símbolo do inicio do galeguismo que se asentaría en clave política no primeiro cuarto do século XX.

O monumento aos Mártires de Carral ten forma de cruz con saíntes contrafortes na súa base, resalta o almofadillado, loce o escudo de Galiza, fíxose con sillares de granito traído da aldea de Illó en Barro (Pontevedra) e foi deseñado polo arquitecto D. Juan Álvarez Mendoza. Posteriormente rodeouse cun valado de ferro fundido, obra dos Irmáns Seoane de Vilaboa.

No mes de maio de 1917, ábrese outra subscrición popular para erguer un mausoleo en honor dos mártires do levantamento de 1846 e colocar unha lápida cos nomes dos fusilados no monumento erguido pola Liga Gallega en 1904.

Este acontecemento histórico deixou unha profunda pegada na literatura galega decimonónica e ao longo do século XX.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asemade, segue a ser un lugar de recoñecemento anual por parte do pobo e de colectivos culturais, así como un punto de encontro en irmandade para as comunidades educativas de Carral e Cacheiras.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

- . Valora o goberno a relevancia histórica do Monumento aos Mártires de Carral?
- . Prevé algunha iniciativa de recoñecemento e posta en valor deste monumento máis de 100 anos despois da súa inauguración por subscrición popular?
- . Coñece o goberno as diferentes iniciativas de carácter social e popular que anualmente manteñen viva a memoria e legado de dignidade que reivindica este monumento?
- . Comprométese o goberno a iniciar o expediente conducente a incoar como BIC o Monumento aos Mártires de Carral?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 21/07/2021 12:44:29**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/07/2021 12:44:32**

**Mercedes Queixas Zas na data 21/07/2021 12:44:39**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García,** deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª,** sobre a información que ofrece o visor de aproveitamentos forestais a respecto do patrimonio arqueolóxico para garantir a súa seguridade e protección.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A altura de 2018 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural tiña rexistrado arredor de 20.000 entidades arqueolóxicas en Galiza (xacementos, achados, referencias...), froito fundamentalmente de traballos de prospección arqueolóxica levados a cabo na década dos oitenta e noventa do século pasado, momento no cal a tecnoloxía de posicionamento xeográfico e a cartografía dispoñíbel non permitían situar as entidades que se localizaban de forma precisa. Isto provocaba problemas á hora de garantir a súa protección e inseguridade xurídica aos particulares, xa que non era infrecuente que a situación do ben arqueolóxico se atopase fóra do ámbito delimitado no instrumento de planeamento correspondente cando existía tal figura.

A Disposición final décimo segunda da Lei 5/2017, de 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galiza, incorpora modificacións na Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galiza, concretamente engádelle unha nova disposición adicional, a décimo terceira, relativa á información xeolocalizada dos xacementos arqueolóxicos, no que se establece que <<os distintos departamentos







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

*da Administración xeral da CCAA colaborarán coa dirección xeral competente en materia de protección do patrimonio cultural para que, no prazo dun ano, se publique a ferramenta xeográfica corporativa que incorpore a información xeolocalizada dos xacementos arqueolóxicos identificados ata o momento, que permita ás Administracións Públicas e ós operadores económicos unha planificación respectuosa co patrimonio cultural de Galicia>>.*

No mesmo senso, a Lei 5/2017 tamén modifica a Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galiza, incorporándolle a Disposición adicional sétima, relativa á xeolocalización do espazos suxeitos a algún réxime de protección e dos ámbitos de protección do dominio público, no que se establece que *<<os distintos departamentos da Administración xeral da CCAA colaborarán para que se publique no portal de cortas privadas da consellería competente en materia de montes a información xeolocalizada debidamente actualizada que permita coñecer cando os montes ou terreos forestais forman parte de espazos suxeitos a algún réxime de protección do dominio público, de forma que permita aos operadores económicos unha planificación da xestión forestal respectuosa con ditos espazos>>.*

Segundo o Instituto Galego de Estatística, no ano 2018 o **65% do territorio galego era forestal**, e segundo algunhas estimacións **máis de 11.500 xacementos arqueolóxicos atópanse en superficies forestais**.

A isto é preciso sumarlle as previsións recollidas na Revisión do Plan Forestal de Galiza que prevé un incremento medio da superficie forestal arborada grazas á repoboación da superficie forestal desarborada de 125.00 hectáreas; ademais, transformaranse 55.000 hectáreas de masas mixtas en masas puras no horizonte de 20 anos.





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A estas cifras hailles que engadir as tarefas silvícolas que se efectúan en superficies xa arboradas, o cal amosa uns parámetros e magnitudes de gran calado que poden xerar o maior impacto sobre o patrimonio arqueolóxico da historia, e algúns dos cales están saltando cun chorreo continuo nos medios de comunicación con constantes desfeitas aos xacementos arqueolóxicos como consecuencia de aproveitamentos forestais, plantacións, corta lumes, etc.

A actividade forestal de produción de madeira (eucaliptos e piñeiros, esencialmente) é, xunto coa minería, unha das actividades máis agresoras co medio. Ben é certo que estes impactos deberán ser identificados e minimizados grazas á introdución de medidas protectoras e correctoras, para o cal é indispensable que os xacementos arqueolóxicos estean ben situados.

Doutra banda, entre os anos 2018 e 2019, leváronse a cabo traballos de xeolocalización de xacementos arqueolóxicos galegos coordinados pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, cun importante esforzo económico que ascendeu a máis de un millón de euros.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Están rematados todos os traballos contemplados na licitación do contrato de <<Xeolocalización e delimitación dos xacementos arqueolóxicos que se coñecen na CCAA de Galiza (25 lotes)>>? Comprobáronse os traballos de cara á correcta xeolocalización da totalidade dos xacementos, ou hai erros evidentes?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

. A información obtida nos traballos de Prospección arqueolóxica para xeolocalizar e delimitar os xacementos arqueolóxico que se coñecen na Comunidade Autónoma de Galiza están incorporados ao visor de aproveitamentos forestais (<http://mapas.xunta.gal/visores/aproveitamentos/>)? Pode garantir a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural que a información aí existente sobre a localización dos xacementos é absolutamente fiable e está completa?

. No proxecto de intervención arqueolóxica sinalase que <<durante os traballos de campo deberá recollese, ademais, información sobre aqueles bens que, polo seu estado de conservación actual (estruturas á vista, perigo de destrución por erosión, etc.), se considere que cumpriría realizar unha intervención arqueolóxica de documentación e/ou tapado. Seleccionaranse unicamente aqueles con maior risco e interese>>; cantos bens foron documentados e notificados que polo seu estado de conservación necesitan unha intervención de documentación e/ou tapado? Asemade, cales son as medidas adoptadas pola consellería en materia de patrimonio cultural para satisfacer estas necesidades?

. De acordo coa Directiva europea Inspire, coa Lei 14/2010, de 5 de xuño, sobre as infraestruturas e servizos de información xeográfica en España, ou no contemplado nos artigos 21 a 23 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, que sinala como modalidade preferente da difusión da información pública en formatos abertos que permitan á cidadanía a reutilización dos datos públicos, que previsión existe para que a localización e documentación básica sobre os bens arqueolóxicos xeolocalizados sexa accesible en formatos interoperables de acordo con estándares europeos?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 21/07/2021 12:45:46**

**Daniel Castro García na data 21/07/2021 12:45:49**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/07/2021 12:45:57**



## Á Mesa do Parlamento

**Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Xunta de Galicia licitou o pasado 4 de maio as obras de reforma e ampliación do Hospital Gran Montecelo por un importe de 114,6 millóns de euros.

Transcorrido dito prazo, constatouse que só se presentou ao concurso a UTE formada por Acciona-Veolia.

Dada a situación, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, naquel momento en funcións, acordou solicitar unha revisión do proxecto e unha nova licitación das obras do Hospital Público Gran Montecelo.

Trala última convocatoria, fai uns días coñeciamos que a execución da obra foi adxudicada á Ute formada por Copasa, Puentes e Ogmio por máis de 121,8 millóns de euros.

O prazo previsto para a execución desta obra comeza no mes de xuño deste ano, e é de 42 meses, polo que se todo vai ben, a ampliación do centro sanitario será unha realidade en 2025.

Hai uns días, coñeciamos pola prensa, que o estudo de arquitectos que redactou o proxecto de construción do Gran Montecelo é o mesmo que fixo o hospital Isabel Zendal en Madrid.

Dende o Grupo Socialista, tendo en conta os antecedentes deste hospital madrileño, no que continuamente estamos a coñecer problemas e deficiencias, e tendo en conta que estas obras do Gran Montecelo costarán 121.874.578,26 euros, creemos que a Xunta de Galicia ten que vixiar que estas obras se leven a cabo coa maior das dilixencias.

Por iso, dende o Grupo Socialista esiximos ao Goberno da Xunta de Galicia, que poña os mecanismos de control necesarios para garantir que a calidade construtiva que figura no proxecto do Gran Montecelo, coincida co que despois se materialice, e sen esquecer que o elevado presuposto co que conta o goberno para a realización deste complexo hospitalario, ten que reverter nun espazo que



cumpra cunha funcionalidade eficiente para poder prestar un servizo sanitario coa calidade que a cidadanía merece.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten pensado o Goberno galego, levar a cabo algún labor de control e vixilancia externa da execución da obra do Gran Montecelo, para garantir que a calidade construtiva que figura no proxecto do Gran Montecelo?
2. Que mecanismos de control externos vai a levar a cabo para este fin?
3. Á vista dos antecedentes doutros hospitais, vai garantir a Xunta de Galicia que o Gran Montecelo ten que cumprir cunha funcionalidade eficiente para poder prestar un servizo sanitario coa calidade que a cidadanía merece, tendo en conta o elevado presuposto co que conta o Goberno para a realización deste complexo hospitalario?

Pazo do Parlamento, 21 de xullo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey  
Julio Torrado Quintela  
Marina Ortega Otero  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 21/07/2021 10:02:29**

**Julio Torrado Quintela na data 21/07/2021 10:02:36**

**Marina Ortega Otero na data 21/07/2021 10:02:43**



## Á Mesa do Parlamento

**Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

No ano 2006 o Concello de Pontearreas gobernado polo PP, iniciou un proxecto de ampliación da escola infantil.

Este proxecto contaba con múltiples deficiencias. No expediente de ampliación do centro escolar, figuran ata 7 inspeccións e requirimentos realizados pola Xunta entre 2006 e 2009, advertindo destas e da falta de autorización para a ampliación da escola con dúas aulas novas.

Moitas destas deficiencias detectadas por inspección da Xunta de Galicia do bipartito estaban relacionadas coa accesibilidade e a seguridade.

No ano 2009, coa entrada do PP no goberno da Xunta, todos estes requirimentos de emendar, metéronse nun caixón e mantivéronse as deficiencias detectadas, ademais permitiuse a apertura destas dúas aulas que carecían de autorización para o seu funcionamento.

A execución destas obras tivo un custo de 319.000 €, e utilizáronse fondos propios e da Xunta de Galicia.

No ano 2012, nunha inspección rutineira, advírtelle ao anterior Goberno municipal que as dúas aulas non estaban autorizadas e deberían ser legalizadas con obras de adaptación, pero fíxose caso omiso ás advertencias.

Co cambio de Goberno municipal, o bipartito local encargou un proxecto de legalización destas obras para adaptalas á normativa, que foi homologado pola Xunta de Galicia en xaneiro do ano 2019.

Este proxecto tiña un elevado custo polo que dende o Concello de Pontearreas leváronse a cabo de forma gradual algunhas delas, con fondos locais e axudas económicas externas coma o Plan concellos da Deputación. Pero nunca existiron en todo este tempo axudas económicas por parte da Xunta de Galicia.





Tras isto, recentemente, notificouse ao Concello de Pontearreas un expediente sancionador por parte da Xunta con imposición dunha sanción económica derivada do incumprimento da normativa por parte das obras da escola infantil.

Esta deixa ao Concello nunha difícil situación xa que ao elevado custe que suporía executar integramente o proxecto de legalización, que o Concello só non pode asumir, súmase o agravio que isto supón para os usuarios da escola infantil, aproximadamente 80 nenos e nenas que quedarían sen clase durante o tempo que duren as obras.

Non existindo ningunha escola alternativa pública neste concello, xa que tras múltiples peticións á Xunta para a implantación dunha galiña azul, incluso coa existencia dun proxecto de nova escola infantil no parque forestal Ferro Ucha, o Goberno de Feijóo nunca atendeu estas reivindicacións.

Dada a complexa situación á que se enfrenta a veciñanza do Concello de Pontearreas, dende o Grupo Parlamentario Socialista esiximos á Xunta de Galicia que ofrezca respostas, que pasen pola asunción das competencias que lle son propias como a asunción da escola infantil existente, ou a colaboración económica nas obras de adaptación á legalidade do proxecto de ampliación da escola infantil, declarando a suspensión do procedemento sancionador.

E a maiores, tendo en conta a demanda existente, pedímoslle que rescate do caixón o proxecto de nova escola infantil ou Galiña azul do parque forestal Ferro Ucha.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai a Xunta de Galicia a asumir as competencias de titularidade e xestión sobre a escola infantil municipal do Concello de Pontearreas?

2ª) Vai a Xunta de Galicia a asumir total ou parcialmente o custo económico do proxecto de legalización das obras de ampliación da escola infantil de Pontearreas, feito no seu día de forma irregular?





3ª) Vai a Xunta de Galicia a declarar a suspensión do procedemento sancionador dirixido contra o Concello de Pontearreas a causa das obras irregulares de ampliación da escola infantil?

4ª) Tendo en conta a demanda existente no municipio de Pontearreas, ten previsto a Xunta de Galicia iniciar os trámites para a construción dunha nova escola infantil no parque Ferro-Ucha?

Pazo do Parlamento, 21 de xullo de 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey  
Marina Ortega Otero  
Julio Torrado Quintela  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 21/07/2021 10:16:34**

**Marina Ortega Otero na data 21/07/2021 10:16:43**

**Julio Torrado Quintela na data 21/07/2021 10:16:51**



## Á Mesa do Parlamento

**Paloma Castro Rey, Noa Díaz Varela e Pablo Arangüena Fernández,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

O traballo de historiadores e investigadores do noso país fixo que saíra a luz un dos capítulos máis negros da nosa historia, a Guerra Civil e a Postguerra, pero coma sempre, na maioría destes casos, os feitos e as vítimas teñen color masculino, quedando na sombra as mulleres.

Os crimes do franquismo non fixeron distinción de xénero, e no noso país miles de mulleres foron represaliadas, perseguidas, escravizadas, violadas, ou asasinadas, por unha dobre condición: ser muller e ter unha ideoloxía diferente.

Durante o goberno Bipartito a Xunta de Galicia, tiña un compromiso coa recuperación da memoria, que traducíuse en investimentos e iniciativas políticas que abarcaban por exemplo a creación do **Consello da Memoria**, con representación de asociacións, personalidades superviventes coma Isaac Díaz Pardo e Avelino Pousa Antelo, familiares das vítimas, historiadores e investigadores sobre a represión.

Fixéronse convocatorias públicas de axudas en 2006, 2007 y 2008 para la realización por parte de asociacións e particulares de actividades de investigación, homenaxes, audiovisuais.....

Declarouse o ano 2006 como Ano da Memoria e promovéronse iniciativas dende a Consellería de Cultura para mostrar por primeira vez un pasado escurecido, favorecendo o seu coñecemento e o recoñecemento ás vítimas no espazo público. Se permitiu naturalizar, e expresar, o que sempre fora silenciado.

Neste ano tamén cofinanciouse un libro editado pola revista feminista Andaina, que levaba por título “A memoria esquecida: peladas, presas, paseadas” dedicado ás mulleres revolucionarias que morreron no anonimato, no que se recollían testemuñas de moitas mulleres represaliadas.



O cambio de Goberno, no ano 2009 puxo fin a todo isto, agochando nun caixón todos estes proxectos, e a Xunta do PP non volveu a investir en proxectos relacionados coa recuperación da memoria.

Dende o PSdeG, presentamos unha emenda ao orzamento 2021 na que pedíamos unha partida 1.000.000 € para Memoria histórica co fin de contribuír a promover e divulgar investigacións e estudos que contribúan a facer posible as demandas de recoñecemento das vítimas do franquismo, e dentro disto coma non podería ser doutra forma aos crimes de xénero, por entender que é un deber de conciencia e responsabilidade.

A recuperación da historia con perspectiva de xénero e fundamental xa que visibiliza e reivindica como suxeitos políticos ás mulleres, co fin de facer xustiza con elas pero tamén para que as nenas do futuro poidan ter coma referentes todas aquelas mulleres.

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debaten Comisión:

Vai o Goberno da Xunta a impulsar un proxecto de recuperación da memoria democrática das mulleres galegas, co fin de visibilizalas e recoñecer a represión que sufriron e o papel vertebrador que tiveron na loita pola democracia e a autonomía galega?

Pazo do Parlamento, 21 de xullo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey  
Noa Díaz Varela  
Pablo Arangüena Fernández  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 21/07/2021 10:26:54**





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/07/2021 12:50:56  
**Nº Rexistro: 19027**  
Data envío: 21/07/2021 12:50:56.299

**Noa Susana Díaz Varela na data 21/07/2021 10:27:01**

**Pablo Arangüena Fernández na data 21/07/2021 10:27:09**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: BOPGDSPGGa1knb4g57  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García,** deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª,** sobre as medidas e recursos a disposición do Servizo de Vixilancia e Inspección para o seguimento, control e supervisión das autorizacións de intervencións sobre bens do patrimonio arqueolóxico relativas a aproveitamentos forestais.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actual estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia fixa como órgano superior e de dirección a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Á vez, a DX de Patrimonio Cultural está estruturada en dúas subdireccións xerais, unha de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e outra de Protección do Patrimonio Cultural. Formando parte desta última atópase o Servizo de Vixilancia e Inspección a cuxo servizo correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Vixilancia sobre os bens de calquera natureza integrantes do patrimonio cultural de Galicia, para a súa protección e conservación.*
- b) Tramitación dos procedementos sancionadores por infraccións da normativa vixente en materia de protección do patrimonio cultural, e realización de informes encamiñados a determinar e avaliar os danos producidos nel, así como*





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

*a proposta á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de adopción de medidas cautelares.*

*c) Comprobación do cumprimento das normas, resolucións e ditames emanados da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.*

*d) Control do rexistro das transaccións realizadas polas persoas ou entidades dedicadas ao comercio de bens integrantes do patrimonio cultural e do cumprimento dos requisitos para o exercicio desta actividade.*

*e) Elaboración do plan anual de inspección.*

*f) Coordinación cos servizos das xefaturas territoriais competentes en materia de inspección dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia, en relación coa instrución dos expedientes sancionadores e as actuacións correspondentes á investigación, comprobación e comunicación sobre os feitos obxecto de reclamacións ou denuncias sobre presuntas afectacións a aquel patrimonio.*

*g) Calquera outra función análoga que lle sexa encomendada.*

Segundo se fan eco distintos colectivos e medios de comunicación, o patrimonio arqueolóxico está sufrindo desfeitas constantes como consecuencia de distintos aproveitamentos forestais madeireiros.

No ano 2018 rexistráronse en Galiza 107.705 declaracións responsables e solicitudes de autorizacións para aproveitamentos en montes ou terreos de xestión privada para un volume total de 9.716.425 metros cúbicos de madeira. No ano 2019, o número de declaracións responsables e solicitudes de autorización descendeu ata 93.921 (un 12,80% menos que o ano anterior), mentres que o volume de aproveitamento



madeireiro declarado descendeu ata os 9.442.623 metros cúbicos (un 2,82% menos que no ano precedente).

No ano 2018, as solicitudes de autorización con algunha ou varias afectacións foron un 20,35% do total. No ano 2019, a pesar de que o número total de declaración responsables e de solicitudes de autorización caeu no conxunto do país, as solicitudes con algunha ou varias afectacións supuxeron neste ano un 27,65% do total das solicitudes de autorización presentadas.

No 2018 a maior incidencia das afectacións, cun 54,59%, correspóndese á afección de zona de policía de augas, seguida de estradas cun 20,83%. O Patrimonio Cultural (sen contar o Camiño de Santiago) foi a terceira causa con 3.032 solicitudes de autorización afectadas, é dicir, un 13,83% do total das solicitudes de autorización con algún tipo de afectación (un 2,82% do total das solicitudes de autorización presentadas).

No ano 2019, o Patrimonio cultural foi de novo a terceira circunstancia que afectou a un maior número de solicitudes de autorización. Rexistráronse **un total de 4.456 solicitudes de autorización afectadas**, é dicir, un 1.424 máis que no ano precedente. Se ben neste ano o total de solicitudes de autorización con algunha ou varias afectacións aumentou con respecto ao ano 2018, **as solicitudes de autorización afectadas por patrimonio foron as que máis aumentaron cun 46,97%**.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Cales son as medidas e recursos, materiais e humanos, a disposición do Servizo de Vixilancia e Inspección para o seguimento, control e supervisión das autorizacións





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

de intervencións sobre bens do patrimonio arqueolóxico relativas a aproveitamentos forestais? Cal é o número de inspeccións realizadas entre os anos 2018 e 2020 polo citado servizo?

. Cal é o número de expedientes informativos e sancionadores abertos entre os anos 2018 e 2020 relativos a agresións ao patrimonio arqueolóxico relacionados coa actividade forestal?

. Cal é o número de expedientes sancionadores abertos pola DXPC en Galiza en materia de infraccións do patrimonio cultural en cifras anuais desde o ano 2005 ata o 2020?

. O artigo 133.5 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galiza, establece que os importes das multas impostas en concepto de sancións destinaranse á investigación do patrimonio cultural de Galiza e a conservación, restauración e valorización dos bens dos que sexa titular ou que xestione a CCAA. Cal é o importe ingresado das multas impostas entre os anos 2018 e 2020, e cales son as actuacións de conservación, restauración e valorización executadas, así como os xacementos destinatarios de tales actuacións?

. Adoptouse algún tipo de medida específica no Plan anual de inspección 2018, 2019 ou 2020 para paliar o impacto dos aproveitamentos forestais no patrimonio arqueolóxico? Cales son os resultados xerais dos citados plans 2018-2020?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2021







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

+


**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/07/2021 12:50:33**

**Daniel Castro García na data 21/07/2021 12:50:37**

**Mercedes Queixas Zas na data 21/07/2021 12:50:45**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG0a1knb4g57  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

